



Publicacións

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza

Título: Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza.

Editorial: O Castro, Sada, A Coruña.

Ano de publicación: 2002.

ISBN: 84-8485-074-9.

Depósito Legal: C-1652-2002.

Autores: **ARRIBAS ARIAS, Fernando**

/ **BLANCO PRADO, José Manuel** / **SAAVEDRA PÉREZ, Mario**.

Cuberta: X. Vizoso.

Asesor lingüístico: Xabier Rodríguez Barrio.

Debuxo e mapas: José Cancio Fernández.

Fotos: Fernando Arribas Arias.

Coordenadas U.T.M.: Sonsoles López Izquierdo.

No concello da Pastoriza fixemos unha catalogación e inventario de 23 cruceiros, 28 cristos e 11 cruces. Os cristos poden ser de tres tipos: 1º. Os que semellan rústicos cruceiros como o de Amorás, Froilán, etc. 2º. Os que non teñen fuste nin capitel como o da igrexa, do cemiterio, do Chivadoiro, etc. 3º. Os que aparecen baixo unha cuberta como o de Afoz e Don Diego.

Polo que respecta ós cruceiros, hai que dicir que non teñen diferencias acusadas cos do resto da comarca chairega, agás o detalle de que nos instrumentos da paixón que aparecen no fuste de varios deles non figura a lanza. De todos eles destacaremos o de Pirís (que xunto co de Carballo, o da Veiga do Crego e o da igrexa de Vián é dos máis artísticos), e o do Fiouco. Éste é único cruceiro con cuberta que atopamos neste municipio, pero ademais ten a particularidade de ter os relevos dos instrumentos da paixón situados na parte inferior do

fuste, caso único nos cruceiros que levamos vistos da Terra Chá.

Completan esta catalogación 3 cruceiros, 4 cristos e 12 cruces desaparecidos, e que recollemos para que non se perdan da memoria popular.

